

NAC INTERCOM



"A idea xurdiume pola miña afección ao parapente"

Ángel Ignacio Martínez Mastrotta

Datos básicos

Actividade:	Fabricación e venda de intercomunicadores
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
Nº empregados	3
Inversión inicial	6.010 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado integramente con fondos propios.
Web:	www.nac-inter.com
Municipio:	Vigo, Pontevedra
Ano creación:	2002

Descrición do proxecto

A nosa actividade é o deseño, fábrica e venda de intercomunicadores deportivos para aviación deportiva ou voo deportivo con motor, rallys, etc. Un intercomunicador é un aparello que se conecta a un casco con micrófono, orelleiras (para insonorizar do ruído do motor), e uns altosfalantes. A función deste aparello é comunicar a varios pilotos ou a un piloto co seu copiloto.



Datos empresa

Claves do éxito

Moito traballo para conseguir un produto que superase aos que había no mercado. Un cliente busca normalmente, dentro dun prezo razoábel, o produto máis sofisticado e de maior calidade. Para conseguir manterse á cabeza, é imprescindible actualizarse, desenvolver novas ideas, aplicar melloras ao teu produto e controlar o custo para que o resultado non se encareza demasiado.

Outra das claves é o deseño.

Desde unha perspectiva máis persoal, considero que resulta fundamental crer no teu produto, estar seguro de que é bo, e todo iso sen perder de vista o mercado. Hai que estudalo e comprobar que efectivamente o produto cubre unha necesidade e gusta.

Situación actual

En función da demanda, seguimos deseñando e fabricando produtos. A intención é ampliar o local, posto que o actual quedou pequeno.

Perfil cliente

O meu cliente obxectivo son deportistas que necesitan intercomunicadores. Normalmente utilizan algún tipo de vehículo ou aeronave con motor, por exemplo coches de carreiras, avións ultralixeiros, avionetas, etc. Necesitan eliminar o ruído e comunicarse.



Idea inicial

A idea xurdíume pola miña afección ao parapente. Detectei a necesidade deste produto e comecei a facer por encargo este tipo de aparellos intercomunicadores, ata que chegou un punto en que a demanda era demasiado grande e foi entón cando pensei na viabilidade de desenvolver este proxecto empresarial.

Principales dificultades y amenazas futuras

Nun inicio, a dificultade foi o descoñecemento do mercado. Trátase dun mercado que varía moito en función das estacións do ano e mesmo das modas. O lado positivo é que a nosa actividade é moi versátil, podemos orientaranos a moitos campos, polo que sempre existe unha vía de saída se un mercado se ralentiza.

No futuro, poderían existir ameazas debido á posibilidade de restricións no ámbito legal. A aparición de novos competidores podería ser outra ameaza, sen embargo este mercado ten a vantaxe de ser demasiado pequeno para unha grande empresa.

Perfil promotores

Ignacio Martínez posúe estudos de informática e electrónica. Traballou como informático durante 15 anos, ademais de desenvolver outro tipo de traballos. É afeccionado ao voo en parapente, e foi a súa afección o que lle levou a desenvolver o seu proxecto empresarial.

Aos seus trinta e cinco anos decide formalizar a súa afección e levala ao mundo da empresa.

Aptitudes necesarias

Aptitudes persoais desexábeis poderían ser a capacidade de traballo e de sacrificio, hai que sacrificar moito tempo pola túa idea.



Guía de Actividad

Gabinete de diseño industrial (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**A independencia que proporciona
Gañar cartos**

**Dirixir persoas e organizacións
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Participei no programa Lanza, asistindo a un cursos sobre creación de empresas e tamén un Seminario de Planificación Empresarial.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Aínda que non o considero imprescindible, é beneficioso porque che abre moito os ollos e probabelmente se evitan erros.

Anecdótico

Non dispoñible.

